

Víctor Pablo Pérez dirixirá á Sinfónica de Galicia no segundo concerto da Tempada de Abonos de Clásica do Teatro Afundación o xoves 13

I O director honorario da agrupación orquestral coruñesa levará a batuta nunha sesión musical na que soará a *Sinfonía n.º 2 en do menor* de Anton Bruckner

04.01.2025. A Orquesta Sinfónica de Galicia (OSG) protagoniza o vindeiro xoves, día 13, o segundo dos concertos da Tempada de Abonos de Clásica do Teatro Afundación. A agrupación coruñesa interpretará unha única peza, a *Sinfonía n.º 2 en do menor* de Anton Bruckner (1824-1896). Levará a batuta o director honorario da OSG, Víctor Pablo Pérez. A sesión musical é a segunda das 6 programadas pola Obra Social de ABANCA en Vigo durante este primeiro semestre no marco da Tempada de Abonos de Clásica. As persoas que non dispoñen de abono, pero desexen asistir, poden conseguir as súas entradas en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com).

A primeira versión da *Sinfonía n.º 2 en do menor* foi composta por Bruckner en 1872. O autor, que durante a súa traxectoria compoñería un total de 11 obras sinfónicas, tamén a denominaba «Sinfonía das pausas». Defendía, Bruckner, a importancia dos silencios na peza, especialmente relevantes nalgúns dos seus catro movementos. A OSG a interpretará en Vigo sen pausas. A duración prevista da sesión, que está organizada en colaboración

coa Sociedade Filarmónica de Vigo, é de aproximadamente unha hora e dez minutos.

O concerto é un dos dous únicos programados pola Sinfónica de Galicia nos vindeiros meses baixo a dirección de Víctor Pablo Pérez. O músico burgalés, na actualidade director artístico e titular da Orquestra e Coro da Comunidad de Madrid, dirixiu á OSG desde a súa fundación e durante 20 anos, entre 1993 e 2013. Desde entón, ocupa o posto de director honorario.

Segue a tempada

A primeira metade da Tempada de Abonos de Clásica de Afundación alcanzará o seu ecuador 6 días despois, o 19 de febreiro, co concerto *Rompendo moldes*, a cargo da Real Filharmonía de Galicia (RFG). Coa dirección de Baldur Brönnimann e o acompañamento ao piano de Vadym Kholodenko, a RFG interpretará pezas de Claude Debussy, Franz Liszt, e Joachim Raff.

A RFG volverá presentarse en senllos concertos os días 11 de abril e 15 de maio. Xa o 19 de maio, o sexteto de corda alemán Hamburger Elbphilharmonisches Sextett comparecerá no Teatro Afundación no que será o último dos concertos da primeira metade da Tempada. Interpretarán senllos temas de Johannes Brahms (1833-1897), tamén alemán e tamén de Hamburgo.

«Cultura por alimentos»

Os concertos da Tempada de Abonos de Clásica Afundación en Vigo forman parte do programa solidario «Cultura por alimentos», desenvolto pola Obra Social de ABANCA en colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL). As persoas asistentes poderán colaborar depositando

produtos non perecedoiros nos contedores dispostos para tal fin no Teatro Afundación. As doazóns serán distribuídas por FESBAL entre familias en risco de exclusión de Vigo e a súa área de influencia.

Imaxe de Víctor Pablo Pérez, [nesta ligazón](#)

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#)